

PROVIDENCIA DE INICIO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE E INSUFICIENCIA DE MEDIOS.

Á vista da necesidade por tratarse dun fin institucional propio do Concello de contratar a **xestión das actividades extra escolares musicais para o ano 2020-2021**, con posibilidade de prórroga para o ano 2021-2022, iniciase o expediente de contratación, ao que deberá incorporarse a documentación prevista no artigo 116 do Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP).

A necesidade que se trata de satisfacer é a impartición das actividades extra escolares de carácter musical que tradicionalmente se realizan polo Concello ao carecer o mesmo de medios persoais.

Vista a insuficiencia de medios persoais para a prestación de servizos das escolas musicais comprendidos polas seguintes actividades:

-. Música e movemento, clarinete, conxunto coral, saxofón, fruta travesera, percusión, guitarra e canto.

Considerarase como procedemento máis axeitado para a súa adxudicación o procedemento aberto previsto no artigo 156 da LCSP, segundo a previsión de horas asinada polo director da escola municipal de música Magariños Carlos Pintor Iglesias de: 2.660,00 horas, distribuídas do seguinte xeito:

- . Música e movemento:304,00 horas.
- . Clarinete:456,00 horas.
- . Conxunto coral: 152,00 horas.
- . Saxofón: 380,00 horas.
- . Fruta travesera: 380,00 horas.
- . Percusión: 304,00 horas.
- . Guitarra: 380,00 horas.
- . Canto: 304,00 horas.

Se establece un prezo de 23,36 euros/hora, sen IVE, de prestación do servizo que se considera axeitado ao prezo de mercado, o que fai un total de: 62.137,60 euros/ano, sen IVE, sendo o valor estimado do contrato (prezo sen IVE máis o importe da posible prórroga) de: 124.275,20 euros, sen IVE. O orzamento base de licitación é de: 62.137,60 euros, exenta de IVE, ao tratarse dunha actividade docente, por un ano de duración do contrato.

Consonte á Disposición Adicional segunda da LCSP, o prego de cláusulas administrativas particulares deberá ser informado pola secretaría e pola intervención con carácter previo á súa aprobación, polo que **DISPOÑO:**

**1º)** Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato de servizos das escolas musicais do Concello de Brión 2020-2021, por procedemento aberto previsto no art. 156 da LCSP con varios criterios de adxudicación.

**2º)** Que se incorporen ao expediente os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que han rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

**3º)** Que se incorporen ao expediente os preceptivos informes xurídicos de secretaría, fiscalización do gasto e certificado de existencia de crédito de intervención.

**4º)** Completo o expediente déase conta a esta alcaldía para a adopción da resolución que proceda.

O alcalde. Asinado electronicamente. José Luis García García.



Concello de  
**Brión**

Praza do Concello, Nº 1 · Pedrouzos - 15865 - Brión  
Tl. 981 88 70 06 - Fax. 981 88 74 31  
CIF. P 1501300 F